

## PROGRAMA XERAL

- **Xoves día 24 Abril.**

### **CIDADE DA CULTURA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

16:00-16:30 RECEPCIÓN E REPARTO DO MATERIAL. EDIFICIO DA BIBLIOTECA.

16:30-17:00 ACTO INAUGURAL. ACTUACIÓN MUSICAL EDIFICIO DA BIBLIOTECA. SALÓN DE ACTOS

17:00-17:30 PRESENTACIÓN

17:30-19:15 DINÁMICA “ESPAZO ABERTO” para todos os participantes, a cargo de Gorka Ruiz. SALA DE MAQUETAS

19: 15-20:45 FORMACIÓN ESPECÍFICA (ver programa concreto para cada sector).

20:45 -21 00 CHEGADA Ó SEMINARIO MENOR

21: 00- 22.00 CEA NO SEMINARIO MENOR

22:00- 23:00 ACOMODACIÓN NO ALBERGUE DE PEREGRINOS

23:00-24:00 VELADA DE ANIMACIÓN NOCTURNA

- **Venres día 25 Abril.**

### **IES ANTONIO FRAGUAS. SANTIAGO DE COMPOSTELA**

9:30-11:30 FORMACIÓN ESPECÍFICA (ver programa para cada sector).

11:30-14:00 FORMACIÓN ESPECÍFICA (ver programa para cada sector).

14:00-14:30 DESPRAZAMENTO Ó CIFP COMPOSTELA

14.30-16:00 XANTAR. CIFP COMPOSTELA

16:00-18:00 XORNADA LÚDICA E DE CONVIVENCIA: Gimkana polo casco histórico de Santiago e visita aos tellados da catedral.

18:00-19:00. ELABORACIÓN DE CONCLUSIÓNS E DESPEDIDA.

### **O PROGRAMA ESPECÍFICO PARA O ALUMNADO.**

- Xoves día 24 de Abril. CIDADE DA CULTURA. SALA DE MAQUETAS.

19.30-20:45 Benvida ós equipos participantes e xogos COOPERATIVOS. A cargo de monitores do voluntariado de Cruz Vermella. Organización dos grupos para os talleres do día seguinte.

- Venres día 25 de Abril

09.30 Obradoiros socioeducativos en temas relacionados con convivencia e mediación. EDIFICIO NOVO DO IES ANTONIO FRAGUAS

- Grupo A. Taller de Prevención do acoso escolar. (Andrea Valcárcel. ADOLESÁN) AULA DE PLÁSTICA
- Grupo B. Taller de Radio e valores. (Carmen Novas. AGARESO. AULA DE TECNOLOXÍA
- Grupo C. TEATROFÓRUM. Alumnado de Artes Escénicas do IES Antón Fraguas SALÓN DE ACTOS

Os obradoiros son rotativos cada 1h e 15m.

- 9:30-10:45 Primeiro turno.
- 10:45-12:00 Segundo turno
- 12:00- 12:15 Descanso. Na propia aula onde lle coincida a cada grupo.
- 12:15 -13:30 Terceiro turno
- 13:30-14.00 Despedida da xornada de formación, entrega de diplomas, enquisas de avaliación e fotografías de grupo. SALÓN DE ACTOS

### **O PROGRAMA ESPECÍFICO PARA O PROFESORADO**

- Xoves día 24 de Abril. CIDADE DA CULTURA. AULA ANEXA Ó SALÓN DE ACTOS  
19.30-20:45 Charla. “Elaboración del Proyecto Antibullying en la Comunidad Educativa” a cargo de José María Avilés.
- Venres día 25 de Abril . AUDIOVISUAIS 1º ANDAR IES ANTONIO FRAGUAS  
9:30-11:30 Charla “*Os círculos restaurativos: unha ferramenta para o diálogo e a resolución de conflitos*”?  
11:30-14:00. Dinámica World Café “intercambio de boas prácticas entre iguais” a cargo de Gorka Ruiz BIBLIOTECA DO CENTRO (PLANTA BAIXA)

### **O PROGRAMA ESPECÍFICO PARA AS FAMILIAS**

- Xoves día 24 de Abril. CIDADE DA CULTURA. AULA ANEXA Ó SALÓN DE ACTOS  
19:30-20:45 Obradoiro de resolución de conflitos na familia, a cargo de Pedro Mª Uruñuela Nájera.

## RESUMO DA INICIATIVA

### Obxectivos:

1. Crear unha rede de apoio entre centros escolares para o intercambio de experiencias, a elaboración e o desenvolvemento de proxectos educativos integrais de cultura de paz.
2. Implantar, nos centros participantes, ferramentas organizativas para a xestión pacífica dos conflitos e para a construción dunha convivencia escolar positiva que ofrezca maior protagonismo ao alumnado.
3. Formar, asesorar e divulgar materiais necesarios aos centros que desexen establecer novas estratexias de xestión dos conflitos.
4. Propiciar o traballo en rede a través da participación de entidades de iniciativa socio-comunitaria.

É un encontro entre diferentes centros educativos que comparten unha mesma visión sobre a construción dunha convivencia positiva na escola. En concreto, o encontro consistirá en:

- Intercambio de experiencias, boas prácticas e materiais entre os participantes. O “Espazo Aberto” no que participarán todos os asistentes e o “World café”, dirixido este ó profesorado, son as dinámicas escollidas, que estarán a cargo de:
  - **Gorka Ruiz**, Director de Bakeola, Centro para a Mediación e Regulación de Conflitos de EDE TALDEA. Presidente do Foro de Asociacións de Educación en Dereitos Humanos e pola Paz do País Vasco. Experto en constelacións organizacionais e coaching sistémico. Diplomado en Competencias Directivas Xenéricas (CDG) por Newfield Consulting.
- Formación en educación en valores e prevención do acoso escolar para os máis de 75 alumnos e alumnas mediadores participantes. Desenvolverán os obradoiros as asociacións:
  - CRUZ VERMELLA XUVENTUDE. Desenvolve diferentes proxectos de atención socioeducativa na cidade e especialmente na rede comunitaria do barrio de Fontiñas, traballando con programas de sensibilización, reforzo educativo e alternativas de ocio e tempo libre saudable na infancia e xuventude. O responsable da área de xuventude é Pablo Méndez Trigo.
  - ADOLESÁN: Iniciativa de intervención socioeducativa dirixida a toda a comunidade escolar, pero moi especialmente ó alumnado adolescente dos centros educativos, a través de talleres de prevención do acoso escolar e de educación emocional. A súa responsable é Andrea Valcárcel, psicopedagoga con ampla experiencia nestes aspectos.
  - AGARESO. (Asociación Ggalega de Reporteiros Solidarios). Esta ONG xunto con ACPP (Asamblea de Cooperación pola Paz) e dentro da rede de *Escolas sen Racismo*, da que o IES Antonio Fraguas é membro, traballa sobre educación para o desenvolvemento e educación en valores a través dos medios de comunicación. A responsable será a periodista Carmen Novás. Para mais información: <http://www.agareso.org/es>

- Alumnado de Artes Escénicas do IES Antonio Fraguas. O alumnado desta modalidade de Bacharelato será o encargado de implemantar estes talleres coa ferramenta do teatrofórum, favorecendo a reflexión e a intervención dialóxica, positiva e construtiva na resolución de conflitos. O alumnado de Artes Escénicas recibe formación complementaria da ONG ACCP, entidade que destaca pola súa longa traxectoria en teatrofórum nas escolas. Para máis información: <http://www.acpp.com/>
- Formación en diferentes estratexias de mellora da convivencia escolar para o profesorado participante. As docencias estarán a cargo de:
  - **José María Avilés Martínez.** Doutor en Psicología pola Universidade de Valladolid, onde desenvolveu investigacións sobre bullying e cyberbullying no Departamento de Psicología. É Xefe do Departamento de Orientación do IES Parquesol onde participa en proxectos de axuda entre iguais, prevención do acoso e o ciberacoso e de convivencia escolar. É membro do Grupo Internacional de Investigación Educación para a Paz (UFAM/CNPq), Universidd Federal do Amazonas (Humaitá/Amazonas/Brasil) É profesor honorario da Universidade Nacional Maior de San Marcos de Lima (Perú).
  - **Vicenç Rul.Ian Castañer.** Licenciado en Psicologixía e Master en resolución de conflitos e mediación. Traballou como psicólogo escolar e como mestre en educación infantil, primaria e secundaria dende 1979. Foi asesor de convivencia en Baleares entre 2007 e 2011, onde puxo en marcha, entre outros, o programa de mediación escolar. Actualmente é profesor de formación profesional e membro de "Convivencia i Dialog", grupo asociado ao IRIE da UIB.
- Formación, para as familias asistentes, en técnicas de resolución de conflitos no fogar e participación activa na escola a cargo de:
  - **Pedro M<sup>a</sup> Uruñuela Nájera.** Presidente da asociación CONVIVES. Licenciado en Filosofía e Letras. Catedrático de Bachillerato. Foi Inspector de Educación e Subdirector Xeral da Alta Inspección do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte de España. Profesor Asociado da UNED, Facultade de Educación (2002-2006). Foi tamén Coordinador de Educación na Consellería de Castela la Mancha. É ponente e participante en actividades de formación do profesorado e das familias, especialmente nas relacionadas coa organización e dirección escolar, e tamén coa convivencia nos centros.

Organizan:

- IES ANTONIO FRAGUAS. SANTIAGO DE COMPOSTELA
- IES XULIÁN MAGARIÑOS. NEGREIRA
- IES FIN DO CAMIÑO. FISTERRA

Participan<sup>1</sup>:

- IES ANTONIO FRAGUAS. SANTIAGO DE COMPOSTELA
- IES XULIÁN MAGARIÑOS. NEGREIRA
- IES FIN DO CAMIÑO. FISTERRA
- IES CARLOS CASARES. VIANA DO BOLO
- IES DE BRIÓN. BRIÓN
- IES FONTEXERÍA. MUROS
- IES POBRA DO CARAMIÑAL. A POBRA DO CARAMIÑAL
- IES ALFONSO X O SABIO. CAMBRE
- IES ISIDRO PARGA PONDAL. CARBALLO
- IES ELVIÑA. A CORUÑA
- IES Nº 1. RIBEIRA
- IES CASTRO ALOBRE. VILAGARCÍA
- IES DE RODEIRA. CANGAS DO MORRAZO
- IES MESTRE LANDÍN. MARÍN
- CENTRO RESIDENCIAL DOCENTE DA CORUÑA. CULLEREDO
- IES MAXIMINO ROMERO DE LEMA. BAIO. ZAS
- IES FRAGAS DO EUME. PONTEDEUME
- IES NEIRA VILAS. OLEIROS

---

<sup>1</sup> O listado de centros participantes pode sufrir aínda algunhas modificacións.